

Dolores Vilavedra, *Eppur, si muove*

Algo está a mudar, de xeito imperceptible, na literatura galega. Tempo haberá de comentalo, e de procurarlle explicacións, ademais da do obvio impacto da crise na cultura de nós. Mais alén das cuestións cuantitativas (menos editoriais, menos novidades...), unha ollada ao publicado entre 2014 e 2015 apunta a que pode estar a producirse unha renovación xeracional que non sabemos moi ben aínda a onde nos vai levar pero que en todo caso garante o relevo e a polifonía das nosas letras. Orfos de figuras canónicas por mor do pasamento de voces de referencia como Manuel María ou Uxío Novoneyra na poesía, ou do voluntario silencio literario de narradores como Suso de Toro ou Xosé Luís Méndez Ferrín, a devandita renovación apunta unha serie de trazos reiterados que se cadra poderían chegar a caracterizala, de confirmárense: o máis singular e prometedor, na miña opinión, é o protagonismo que nela lles corresponde aos xornalistas de formación e profesión. Será difícil ponderar ata que punto a entrada pola porta grande da narrativa de voces como a de Ramón Vilar Landeira, Juan Tallón, Alberto Ramos ou Fran Lorenzo (estes últimos, gañadores de prestixiosos premios de narrativa como o García Barros ou o Blanco Amor con *Máscaras rotas para Sebastian Nell* e *Cabalos e lobos*, respectivamente) ten moito ou algo que ver coa crise do sector informativo mais, en todo caso, podemos intuír tras este fenómeno un aspecto que é de agradecer cal é a materialización duns máis que notables talentos literarios quizais abafados durante ben tempo pola sobre-explotación e as esixencias dun traballo que, en contra do que dende fóra se puidese pensar, podía resultar castrante dunha creatividade que agora semella estourar. Se cadra, non hai mal que por ben non veña.

O segundo trazo caracterizador desta renovación é a ampliación do abano de narradoras con voces como as de María López Sandez, Mercedes Leobalde, Iria Collazo ou Leticia Costas: desmentindo aos que lle apuñan ao boom de comezos do milenio a condición de moda ou resultado de márketing, as narradoras non son flor dun día. Viñeron para non marchar. López Sandez sorprendeunos, tras unha estrea lírico-psicolóxica en 2012 con *A forma das nubes*, con *O faro escuro*, unha novela policial protagonizada por unha inspectora e que transcorre no claustrofóbico ambiente dunha illa coroada por un faro. A única pexa que lle apomos é un exceso de brevidade que nos deixa con ganas de máis: esperamos futuras entregas que convertan *O faro escuro* na primeira dunha serie policial. Pola súa banda, Leticia Costas deu con afouteza un xiro de 180 graos da chamada literatura infantil e xuvenil, modalidade que adoitaba cultivar con éxito, á narrativa para adultos con *Un animal chamado néboa*. Alén da altísima calidade literaria destes relatos, o seu principal interese radica, na miña opinión, no que poidan ter de achega á reconceptualización da memoria histórica como patrimonio da humanidade. Unha obra este que demostra que, en contra do que algúns corifeos teiman en aseverar, a memoria segue a ser un potente motor de creatividade.

En canto á querenza polo relato, de longa e prestixiosa tradición entre nós, parece voltar, desmentindo a consideración de xénero menor que algún teiman en atribuírlle, fronte á supostamente incuestionable canonicidade da novela. En moitos casos as colectáneas serven para consolidar a presenza de autores e autoras pouco coñecidos ou

de presenza discreta: velaí os casos dos *Funambulistas* de Mercedes Leobalde ou das *Cuestións vitais secretas* de Iván García Campos (ou dos xa mentados Vilar Landeira e Leticia Costas) Por certo, cómpre sulñar que unha ollada atenta ás traxectorias literarias de Leobalde e García Campos testemuña a eficacia de galardóns adoito considerados ‘de segunda’, como o Premio Modesto R. Figueiredo, o Ánxel Fole ou o Manuel Murguía, ben útiles para descubrir talentos literarios. É fundamental a súa supervivencia para a renovación xeracional que garantirá a da nosa literatura.

Hai uns anos que o ensaio está a demostrar que pode non ser un xénero vicario, eternamente dependente da investigación académica, e que pode chegar a públicos amplos, para sorpresa de moitos. Descubrímolos xa coas primeiras obras de Teresa Moure (*Outro idioma é posible*, 2004 e *A palabra das fillas de Eva*, 2005), e a partir de aí xa non quixemos renunciar a un ensaio mestizo, creativo sen complexos e todo o vampírico que as súas autoras ou autores quixesen ser. A esa xinea pertence *A identidade fascinada* de Antonio Piñeiro, un texto ao que con certeza lle pasará factura a súa radical natureza híbrida, a súa heterodoxia xenérica: a cabalo entre a novela, o ensaio e a crónica xeracional, *A identidade fascinada* é, sobre todo, un divertido artefacto literario que nos axuda a ollar, sen complexos e sen saudade, a década dos 80. Imprescindible para os que a vivimos pero tamén para os que a consideran un capítulo máis da Historia. Nunha liña máis ortodoxa, no que á súa condición ensaística se refire, a *Biografía intelectual de Filgueira Valverde* asinada por Xesús Alonso Montero é moito máis ca unha desas obras ‘de circunstancias’, publicadas ao abeiro da nosa anual efeméride literaria, o Día das Letras Galegas, cada ano dedicado a unha figura que no 2014 foi a do polígrafo Xosé Filgueira Valverde: esta biografía asinada polo actual presidente da Real Academia Galega é unha contribución imprescindible para coñecer máis e mellor as tensións que pautaron o desenvolvemento do campo cultural galego no franquismo.

Nun contexto de peches e desaparicións interminables, os pequenos espazos editoriais teiman en facerse un oco na nosa cultura. Espazos exquisitos, amables e acolledores, que paga a pena habitar como quen habita unha burbulla ou un útero. E se algúns non o conseguen, como O Figurante, outros como Apiario semellan dar no albo coa *Celebración* de Gonzalo Hermo (outra voz nova que de certo pagará a pena seguir a escoitar), converténdose en auténticos nichos de supervivencia para a poesía. Por outra banda, entre tanta precariedade, as voces novas cada vez teñen máis dificultades para facerse escoitar, alomenos no ámbito editorial convencional. Mais de cando en vez a orixinalidade e a contundencia dalgunha devólvenos a confianza no noso futuro literario. Das estreias desta xeira, quedome con Antonio Pichel Beleiro. Gañador do Manuel Lueiro Rey de novela curta con *Xente que nunca antes morrera*, Pichel demostra ser un narrador de oficio que nos conta con voz propia, cun estilo contundente e eficazísimo, unha historia que nace como *thriller* e evolúe polos camiños da ficción antropolóxica. Sen caer no tópico, mais sen renunciar a abordalo, Pichel debulla implacable moitas das contradicións entre as que semella estar a fenecer a nosa

identidade colectiva. Oxalá a crise e a falta de expectativas non silencien esta e outras voces, tan frescas e tan maduras a un tempo.

Mentres, celebramos a recente saída de *A boca da terra*, o novo poemario de Rivas que de certo xa estará nos andeis cando se publiquen estas páxinas. A tribo semella ter ganas de escoitar a voz do bardo e de que a poesía siga a ser o reducto no que a palabra se fai forte en tempos de tribulación. Non é, non pode ser casual que Rivas se manteña firme no cultivo do xornalismo e da poesía.